

RECORDATORIO

PROLONGACIÓNS DE XORNADA

ENFERMEIROS/AS E ENFERMEIROS/AS ESPECIALISTAS DE AT. PRIMARIA

Tal como recolle o manual de cobertura de ausencias do SERGAS, existen **tres tipos de prolongacións** nas que se citan pacientes asignados de calquera enfermeiro/a ausente do centro de saúde:

Tipo de prolongación:	Duración:	Características das axendas:
A	4 horas (a realizar entre as 08:00-22:00 horas)	• 10 ocos de 7-10 minutos para citas a demanda presenciais ou telemáticas. • 11 ocos de 15 minutos para citas programadas presenciais ou telemáticas (TAO, C-72, PNS, curas, crónicos, etc.). • Non incluírá actividade asistencial específica de atención domiciliaria. • Non se forzarán citas, nin se atenderán urxencias.
B	5 horas (a realizar entre as 08:00-22:00 horas)	• 10 ocos de 7-10 minutos para citas a demanda presenciais ou telemáticas. • 8 ocos de 15 minutos para citas programadas presenciais ou telemáticas (TAO, C-72, PNS, curas, crónicos, etc.). • A maiores poderá incluír actividade asistencial específica de toma de mostras, atención domiciliaria, atención de urxencias e 061.
C	2 horas (a realizar entre as 08:00-22:00 horas)	• 3 ocos de 7-10 minutos para citas a demanda presenciais ou telemáticas. • 6 ocos de 15 minutos para citas programadas presenciais ou telemáticas (TAO, C-72, PNS, curas, crónicos, etc.). • Non incluírá actividade asistencial específica de atención domiciliaria. • Non se forzarán citas, nin se atenderán urxencias.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

8 de setembro do 2025